




Xestor de Recursos Educativos



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral



Plataforma de xestión de recursos educativos

A plataforma constará de dúas aplicacións interconectadas:

- 1.- Aplicación en contorno web para a súa instalación nas redes **locais** (Servidor de CED) dos centros educativos. (primeira fase)
- 2.- Aplicación en contorno web para a súa instalación nos Servizos centrais da Consellería de Educación. (segunda fase)



Funcionalidades

Esta plataforma, por medio das dúas aplicacións que a compoñen, permitirá aos membros da comunidade educativa introducir, catalogar e realizar buscas dos materiais educativos dixitais que necesiten empregar para o desenvolvemento da súa labor docente/discente, dun xeito centralizado, de maneira que desde calquera equipo do centro con conexión á rede local poidan acceder a ditos recursos de forma sinxela e áxil.

Así mesmo, a través da aplicación instalada nos Servizos centrais, os centros poderán compartir os recursos existentes na súa aplicación local co resto de centros educativos.

Descrición

As aplicacións contarán con diferentes niveis de permisos para a supervisión dos materiais empregados. Estes permisos xestionaranse a través de roles e determinarán as posibilidades de cada usuario: administración da aplicación (*usuarios, árbore de ensinanzas, contidos...*), publicación de materiais públicos, publicación de materiais privados, busca de recursos e información...

Os usuarios, dentro da rede local, poderán engadir e catalogar recursos educativos coa posibilidade de indicar se ese recurso é público ou privado.

A opción de compartir recursos entre centros será xestionada por medio dunha aplicación instalada en Servizos Centrais que conectará as aplicacións instaladas nas redes locais dos centros. Aqueles recursos que nas aplicacións locais sexan catalogados como "públicos", poderán ser "absorvidos" pola aplicación instalada en Servizos Centrais para a súa posterior difusión, previa validación e supervisión.

A aplicación local deberá permitir tamén unha organización "visual" dos contidos albergados no servidor atendendo aos criterios de usuarios, temáticas e niveis educativos. Esta organización debe de ser creada e mantida polo propio centro/profesorado dun xeito sinxelo e intuitivo, respectado unhas normas estruturais básicas.

Esta aplicación permitirá aos usuarios dos centros educativos introducir, catalogar e realizar buscas dos materiais educativos dixitais que necesiten empregar para o desenvolvemento da súa labor docente, dun xeito centralizado, de forma que desde calquer equipo do centro que esté conectado á rede local poidan acceder a ditos recursos de forma rápida.

A aplicación contará con diferentes perfís ou roles que determinarán as posibilidades de cada usuario: administración da plataforma, publicación de materiais públicos, publicación de materiais privados, busca de recursos e información...



Formato dos recursos

A introdución das TIC nos sistemas educativos é unha labor moi complexa. Son moitos os factores que inciden e xeran dificultade, dende factores sociais, políticos, económicos, etc. Un destes factores está relacionado coa gran diferenza que existe entre a velocidade de evolución das tecnoloxías e o propio sistema en si. É habitual escoitar ós membros da comunidade educativa que cando están afeitos a unha ferramenta xa a teñen que abandonar por outra de características superiores, co conseguinte desgaste e perda de autoestima profesional que isto produce na comunidade docente.

O formato dos recursos compromete tecnolóxicamente tanto ó seu creador como ós seus destinatarios, pero é o destinatario ó que nos interesa facilitarlle o traballo, xa que estes son os propios alumnos e os seus profesores que guía a súa aprendizaxe. A ferramenta que se use para a elaboración destes recursos debe estar condicionada pola ferramenta necesaria para o seu aproveitamento por parte dos alumnos, e pola esixencia tecnolóxica que lle supoña ós seus profesores nos procesos de ensino e aprendizaxe.

Así, decidir unha serie de características que deban compartir os recursos educativos suporá adoptar un modelo escalable tanto na súa distribución como na formación necesaria do persoal docente. Isto, estre outras cousas, permitiría a introducir das TIC nas aulas de xeito progresivo e seguro.

As especificacións para o formato dos recursos educativos son:

Recursos tipo web

Que é un recurso tipo web?

- Os recursos tipo web son todos aqueles que se poden utilizar coa única axuda dun software xenérico, os navegadores web (Firefox, Ópera, Konqueror, Iexplorer, etc.). Este software, utilizado para navegar por internet, ven instalado por defecto en tódolos Sistemas Operativos.
- Os recursos tipo web pódense executar a través do navegador dende o propio disco duro, ou en remoto dende un servidor. Este servidor pode estar instalado no propio centro ou na internet. Isto significa que o docente só terá que cargar o contido nun lugar, sen a necesidade de preparar os equipos de tódolos alumnos como se viña facendo ata agora.
- Os recursos tipo web son aproveitables no tempo xa que non están condicionados pola ferramenta necesaria para o seu uso.
- Existen diversas ferramentas para a elaboración de recursos web para os alumnos, son as denominadas “ferramentas de autor” e na maior parte dos casos están feitas por profesores. As máis importantes son de uso libre o que permite a súa distribución. Coñecemos entre outras: Ardora, Edilim, eXelerning, HotPotatoes, PhpWebQuest...



Cales son os recursos “non web” e que problemas supoñen?

- Un recurso non é web cando é necesario executalo nun software específico que previamente debe estar instalado no equipo do alumno. Isto implica o necesario mantemento dese software en todos e cada un dos equipos. Contando con que o mantemento non sexa labor do docente, comprométese igualmente a súa labor xa que é frecuente a existencia de problemas imprevistos nas sesións.
- Este tipo de recursos permite un único tipo de execución, en local. Isto supón que o contido debe estar descargado previamente en tódolos equipos dos alumnos, coa consecuente carga de traballo ben para o docente, ou para os alumnos.
- Este tipo de recursos quedan rapidamente obsoletos xa que, ó depender dunha ferramenta específica, a dificultade para a súa actualización é maior.

Recursos multiplataforma

- Os recursos educativos deben manter unha independencia do Sistema Operativo que se estea a usar xa que un sistema educativo non debe comprometer ós seus alumnos a utilizar un determinado sistema, sobre todo si estamos a falar de Sistemas Operativos Privativos. Aínda que na escola haxa que decidirse por un en concreto, isto non quere dicir que os alumnos nas súas casas teñan que elixir o mesmo. Os recursos multiplataforma pódense usar, visualizar, editar e crear con independencia do Sistema Operativo xa que o software necesario, tanto para a súa creación como para o seu aproveitamento, existe para os sistemas operativos máis usuais.

Recursos sometidos a licenzas Creative Commons

- As licenzas Creative Commons, a diferenza do Copyright, permiten a distribución dos recursos permitindo certos usos sobre os mesmos. Se o Copyright se **reserva** todos os dereitos sobre as obras obrigando a pedir permiso ós seus autores para calquera tipo de actuación, incluído o seu uso, a través das licenzas Creative Commons o autor da obra pode decidir previamente que permisos otorga ós usuarios das obras, tanto de uso, modificación e distribución. No actual sistema da Sociedade da Información, onde as redes sociais adquiren un protagonismo nos procesos de comunicación, este tipo de licenzas legaliza a distribución das obras protexendo sempre ós seus autores.
- Para máis información sobre as licenzas Creative Commons consultar:
<http://es.creativecommons.org/>

Documentación realizada polo equipo:

Tecnoloxías Aplicadas á Educación

Subdirección Xeral de Sistemas Informáticos

Secretaría Xeral

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Xunta de Galicia

sxsi@edu.xunta.es